



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO O 25 DE OUTUBRO DE 2018.**

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

D^a M^a Xose Alfonso Torres (CxG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Jose Manuel Quintela Fernández, (CxG)

D^a M^a Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

D^a Alianza Uhía Patiño (PP)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

D^a M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

EXCUSAN A SÚA ASISTENCIA

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D. Jose Vázquez Rama (PP)

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

I.- PARTE RESOLUTIVA

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que no primeiro punto non vai a aprobación da acta da sesión anterior xa que ao secretario non lle deu tempo a rematala

1º.- Aprobación, se procede, do ditame de aprobación inicial do expediente 2209/2018 de transferencias de crédito entre aplicacións de distintas areas de gasto

Procede directamente a Alcaldesa sen que se lea o ditame que é o seguinte:

“A Comisión Informativa Permanente de Persoal e Facenda, en sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2018, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

Aprobación inicial, se procede, do expediente 2209/2018 de transferencias de crédito entre aplicacións de distintas areas de gasto.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que se fai esta transferencia de crédito para atender ás horas de máis que nos da a Xunta de Galicia e que son para atender tanto ao gasto de personal como á prestación de servizos.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que existe unha discrepancia entre o aumento de horas que se establece na proposta de 18.070,10 € e a transferencia de créditos de 50.500,00 euros.

Intervén o Sr. Interventor quen dí o expediente de transferencia de crédito faise xa que os créditos iniciais para a prestación do servizo non chegan e é para pagar servizos que xa foron prestados e non teñen crédito orzamentario. Que posteriormente se fará un expediente de xeración de créditos.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que a providencia está mal, e pregunta se o contrato permite que á empresa se lle contraten máis horas, ao que



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

o interventor contesta que neste intre non llo pode dicir xa que non fiscalizou o contrato.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que van manter a postura que veñen mantendo na lexislatura, pero que insisten en que na medida do posible os servizos se presten de xeito directo.

Sometida a proposta a votación polo sistema do voto ponderado amparado no acordo plenario do 9 de xullo de 2015, así como no artigo 68.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Sra. Presidenta o que supón o 23% dos votos

Abstencións: Sres/as Monteagudo Romero e García González o que supón o 46% dos votos.

En consecuencia a Comisión informativa de personal e Facenda ditamina favorable a proposta quedando o ditame redactado do seguinte xeito:

Expediente núm. 2209/2018.

Órgano destinatario. Comisión Informativa de Persoal e Facenda e Pleno da Corporación.

Procedemento. Modificación orzamentaria

Asunto. Expediente de transferencias de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto. SAF.

Considerando que os créditos iniciais do estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015- prorrogado, arroxan importantes desviacións de dotacións respecto dos compromisos de gastos do exercicio do 2018 derivados do funcionamento ordinario dos servizos.

Considerando que a Xunta de Galicia emitiu certificado de data 03/09/2018, polo que se acredita o aumento desde o 1 de setembro de 2018 dun total de 621 horas/mes para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

situación de dependencia o que representa sobre a base da súa plena utilización un aumento de apartación de 18.071,10 euros.

Apreciada a existencia de gastos pendentes de autorizar e comprometer correspondentes a prestación do Servizo de Axuda no Fogar dependencia, e cuxa cobertura orzamentaria resulta imprescindible para atender as necesidades de atención sen incrementos de horas.

Considerando que dos estados de execución do vixente orzamento municipal, resulta acreditada a existencia dun saldo de crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica 18-9.1. por importe de 88.016,07 euros distribuído entre distintas aplicación incluídas na bolsa de vinculación e que resultan minorables sen afectar ao funcionamento ordinario dos servizos as dotacións das partidas 18-920.16000 e 18-929.13100.

Considerando que, aos efectos de paliar os citados desaxustes entre saldos de crédito e compromisos de gastos, e poder prestar as horas incrementadas no SAF- dependencia procede incoar expediente de transferencia de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gastos ao amparo do disposto no RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases de Execución do Orzamento,

Considerando o establecido na Base 14^a das BEO/2015-prorrogadas, e visto o Informe de Intervención núm. 156/2018 do 03/10.

Considerando que por afectar a modificación a partidas incluídas en distintas áreas de gasto, e de conformidade co disposto no artigo 40.3. do RD 500/1990, do 20 de abril, o Pleno da Corporación é o órgano competente para súa aprobación, previo ditame da Comisión Informativa, quedando sometido as normas sobre información, reclamacións e publicación aplicables a aprobación do orzamento ao que se refiren os artigos 20 e 22 do citado Real decreto.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En atención a satisfacción da citada necesidade e en virtude do establecido nos referidos preceptos, a Comisión informativa de persoal e facenda emite o seguinte ditame:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o expediente núm. 2209/2018 de transferencias de créditos entre partidas incluídas en distintas áreas de gasto con arreglo ao seguinte detalle:

Partida	Expresión	Incrementos	Minoracións
18-231.22799	Outros traballos realizados por outras empresas SAF	42.500,00	
18-231.23120	Dietas. Gastos de locomoción persoal SAF	8.000,00	
18-920.16000	Cotas S.S. a cargo da Entidade		5.500,00
18-929.13100	Imprevistos, situación transitorias e continxencias		45.000,00
	TOTAL	50.500,00	50.500,00

Segundo. Proceder a exposición ao público do presente acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da Entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado período non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas, contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolverán no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais as modificacións e os créditos definitivos, entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

Terceiro. Dar traslado a Tesourería e Intervención Municipal, ao Negociado de Contabilidade.”.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Dí a Sra. Alcaldesa que se trata dunha modificación de crédito para a impartición de todas as horas que non concedeu a Consellería.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que dí que xa lle insistira anteriormente nas horas, que agora se sabe que o concello ten unha débeda coa empresa á que lle deben 42.500,00 € e que ademais debe dietas e gastos de locomoción ao persoal, que o Concello ten concedidas mais de 2.000 horas ao mes e que está a utilizar 1630 horas, cunha lista de espera de máis de 25 persoas. Que lles dixo o interventor que é para pagar horas xa realizadas, que se pregunta se o contrato está en vigor ou non, que lle parece inadmisíbel que ninguén do grupo de goberno se dera conta de que non se lle estaba a pagar á empresa aos traballadores, que iso amosa a parte de toda a palabrería que non lles importan os dependentes.

Intervén a Sra. González Cerviño quen pide desculpas por non asistir á comisión informativa e que lles houbese gustado para escoitar ao interventor, di que o problema e que non hai orzamento e que compre facelo para adaptalo ás necesidades do concello, que non se pagan as débedas nin se reclama a Espina & Delfin, que este é un problema mais aos que hai no concello. Así mesmo pregunta cal é motivo polo que o interventor non lle recomenda facer unha modificación orzamentaria para pagar os soldos. Remata dicindo que espera que non se perda esta subvención como aconteceu con outras.

Intervén o Sr. García Fernández que dí que coincide en parte polo exposto pola voceira do grupo municipal socialista, que isto non tería pasado se se presentaran os orzamentos, que a súa postura vai ser a de sempre pero que queren matizar que non lles gusta nin lles parece axeitada a fórmula. Remata dicindo que por coherencia entenden que non debería ser necesario contratar os servizos e que estes se presten directamente polo concello pero que nunca se negaron a que ningún provedor cobre.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que se se dispuxera de orzamentos xerais se aforraría traballo, que o que lle preocupa ao grupo de goberno é amañar o seu pero que non van impedir que se aprobe esta transferencia de crédito.

Intervén a Sra. González Cerviño quen reclama que se aproben os orzamentos xerais do concello, que lles gustaría ver se ese capital se adica ao que se ten que facer.

Intervén o Sr. García Fernández quen di que a ser posible que se presenten uns orzamentos.

Intervén a Sra. Alcaldesa que di que en todo caso o que fan é seguir o que se lles indica dende intervención e secretaría, que o único que queren é prestar o maior número de horas e que para iso se fai esta modificación orzamentaria, e que os créditos que se minoran é porque sobran. Con respecto ás alusións do PSOE, dí que non son eles os que se negan a pagar as facturas xa que non foron eles quenes rexeitaron 6 veces o R.E.C.

Dilixencia: Para facer constar que a Sra. Alcaldesa advirte á Sra. González Cerviño por primeira vez

Dille á voceira do PSOE que antes ela facía o mesmo co persoal e que o grave é que ela o sabe e minte.

Sometido o ditame a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 7

Abstencións: 4 (Membros do grupo municipal socialista).



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En consecuencia queda aprobado o ditame de aprobación inicial do expediente 2209/2018 de transferencias de crédito entre aplicacións de distintas areas de gasto nos termos nos que foi presentado.

II.- MOCIÓNS URXENTES

Pregunta a Sra. Alcaldesa se algún grupo desexa someter a urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas.

Por parte do grupo municipal do PP preséntase unha moción sobre Alcoa, xustifica a urxencia dado que Alcoa pretende despedir a máis de 400 traballadores directos, nos que ase ven ademais afectados moito emprego indirecto.

Intervén a Sra. González Cerviño que dí que esta moción se pudo presentar antes e porqué non o fixeron cando outras veces elas os agora propoñente os que criticaban a urxencia. Remata dicindo que pensa que sería mellor tratalo asunto como unha declaración institucional.

Intervén o Sr. García Fernández que dí que isto é unha falta de respecto ao seu grupo xa que moitas veces se lle votou en contra da urxencia, pero que non obstante non teñen inconveniente e que non se van a negar.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen di que sí que lles gustaría que se fixera unha declaración institucional, que hoxe houbo unha xuntanza coa empresa e por iso deste xesto.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que aínda que se pudo prestar antes van votar a favor.

Sometida a urxencia a votación esta é aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da corporación 7 e coa abstención dos membros do grupo municipal socialista (4). Co que procede incluíla na orde do día.

II.a) Moción do grupo municipal do PP en apoio á continuidade de actividade industrial en Alcoa e ao mantemento dos postos de traballo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que di que presentan esta moción co obxecto de que sexa unha declaración institucional e procede á lectura da parte dispositiva, a moción é a seguinte:

**“MOCIÓN EN APOIO Á CONTINUIDADE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL
EN ALCOA E AO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO**

A seman pasada o grupo Alcoa Inespal, anunciou, de maneira unilateral e inxustificada, o peche das súas factorías de A Coruña e Avilés, amenazando o emprego e os postos de traballo de moita xente, non só de A Coruña, senón de toda Galicia, e tamén da nosa comarca, ao tratarse dunha actividade estratéxica.

Queremos pois mostrar o noso apoio firme, decidido e incondicional aos traballadores de Alcoa, e pedirlle ás administracións que traballen unidas para impedir que este peche se faga efectivo, e os traballadores de Alcoa podan manter os seus postos de traballo.

Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación de Muros que adopte os seguintes acordos:

-Mostrarlle aos traballadores de Alcoa e as súas familias a nosa solidariedade e o noso rexeitamento ao peche das instalacións.

-Instar ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, e ao Concello de A Coruña a constituir unha fronte común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa, e para a retirada do ERE por parte da empresa.

-Que se lle notifique dito acordo ao Ministerio de Industria, á Consellería de Industria da Xunta de Galicia, ao concello de A Coruña, ao comité de empresa de Alcoa e ao seu responsable.”

Remata a Sra. Monteagudo Romero dicindo que cantos mais apoios teñan os traballadores mellor.

Intervén a Sra. González Cerviño quen di que están de acordo e mais se se transforma en declaración institucional.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que lles gustaría engadir 1 punto xa que un dos motivos un dos motivos do peche son os altos custes de produción pola tarifa eléctrica.

Propón se engada: Que se inste ao Estado Español a aprobar unha tarifa eléctrica galega.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que non poñen obxección ao proposto polo BNG.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que van a apoiar a moción e calquera para loitar contra a perda de postos de traballo.

Por unanimidade (11) acéptase a conversión desta moción como declaración institucional, sen que o secretario xeral se manifeste en contrario, e coa engádegas do BNG polo que o punto queda redactado e aprobado do seguinte xeito.

II.a) Declaración institucional do Concello de Muros en apoio á continuidade de actividade industrial en Alcoa e ao mantemento dos postos de traballo.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MUROS EN APOIO Á CONTINUIDADE DE ACTIVIDADE INDUSTRIAL EN ALCOA E AO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO.

A semana pasada o grupo Alcoa Inespal, anunciou, de maneira unilateral e inxustificada, o peche das súas factorías de A Coruña e Avilés, amenazando o emprego e os postos de traballo de moita xente, non só de A Coruña, senón de toda Galicia, e tamén da nosa comarca, ao tratarse dunha actividade estratéxica.

Queremos pois mostrar o noso apoio firme, decidido e incondicional aos traballadores de Alcoa, e pedirlle ás administracións que traballen unidas para impedir que este peche se faga efectivo, e os traballadores de Alcoa podan manter os seus postos de traballo.

Polo exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación de Muros que adopte os seguintes acordos:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

-Mostrarlle aos traballadores de Alcoa e as súas familias a nosa solidariedade e o noso rexeitamento ao peche das instalacións.

-Instar ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, e ao Concello de A Coruña a constituir unha fronte común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa, e para a retirada do ERE por parte da empresa.

-Que se lle notifique dito acordo ao Ministerio de Industria, á Consellería de Industria da Xunta de Galicia, ao concello de A Coruña, ao comité de empresa de Alcoa e ao seu responsable.

-Instar ao Estado Español a aprobar unha tarifa eléctrica galega. ”

Dilixencia: Para facer constar que o interventor auséntase do salón de plenos co permiso da Presidenta.

III.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

2º.- Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da N.º.824/2018 de data 01/09/2018 á 979/2018 de data 28/09/2018 (incluídas). E das Xuntas de Goberno Local n.º.17 de 17/09/2018, n.º.18 de 28/09/2018 e n.º.19 de 05/10/2018.

O pleno dase por enterado

3º.- Rogos e Preguntas.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero

-Reiteramos por estas datas o rogo de tódolos anos: poñan a punto os cemiterios e tamén a tamén a pregunta de todos os anos: ¿cando teñen pensado iniciar as obras de reparación e mellora do cemiterio municipal da Atalaia? un acordo plenario que aprobou a moción deste grupo popular, un acordo plenario que ten data de outubro do 2015. A obra aprobouse no POS 2017 Investimentos, e hai un anuncio para de licitación do 17 de agosto do 2017 e aí está. Tamén preguntar se



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

se ampliou o prazo de execución para as obras do POS 2017, porque o BOP dí que remata o 30/11/2018 e se se van perder tamén eses cartos.

-No mes de novembro do ano 2015, hai agora tres anos, presentamos unha moción na que pediamos a modificación do artigo 8 da ordenanza reguladora do IBI, fixando un tipo impositivo dun 0,4% para os bens urbanos e dun 0,3% para os rústicos. Presentamos esa proposta con prazo máis que suficiente para que puidera entrar en vigor para o ano 2016. Pero o equipo de goberno non a tramitou, e presentou, fóra de prazo, outra na que propoñía unha baixada en varios anos. Ante o despropósito da súa proposta, o equipo de CXG optou por apoiar a nosa, eso sí, como case todo o que aproban, alí quedou, perdida nun caixón. Ante a inactividade do equipo de goberno, no mes de abril de 2016 presentamos outra moción, para que se dera cumprimento ao acordado en novembro do 2015 e se baixara o IBI, e tamén para pedir bonificacións para construcións destinadas a actividades económicas determinadas. Finalmente o IBI baixouse ao 0,5%, non ao 0,4%, nun acordo do mes de novembro do 2016 sen aplicar ningún tipo de bonificación. E por eso, no mes de outubro de 2017, volvemos a presentar outra moción, e van 3 relacionadas co IBI, para pedir bonificacións para locais nos que se desenvolvan actividades económicas e para determinados colectivos. Esta moción nunca se tramitou, e así chegamos a outubro do 2018, pagando unha das contribucións máis caras do entorno, sin ningún tipo de bonificación e cun servizo pésimo. Como xa estamos fartos de presentar mocións para pedir que se cumpran as mocións, rogamoslle que tramiten a nosa proposta do mes de outubro de 2017.

-Tamén lle facemos un rogo en relación coa area de rehabilitación, acábanse de aprobar pola Xunta de Galicia os convenios para a financiación de actuacións nestas áreas. Que se queixan de que a Xunta nos lles da diñeiro pero logo non executa o que se da, o que lle pedimos é dilixencia no uso destes fondos, e que poidan ser utilizados canto antes.

-No Decreto 2018/0890, resolución da alcaldía, a Sra Alcaldesa levanta un reparo suspensivo respecto dunha factura de 4.708 euros, facendo referencia a un acordo da XGL do 07/09/2018, entendo que debe ser un erro xa que nos din en secretaría que non unha xunta de goberno local desa data, o que queremos saber Sra Alfonso, qué factura é esa, cal foi o servizo esencial que cubriu para que vostede levante o reparo. Non sabemos se hai algo máis esencial que o servizo de axuda a dependentes, no que a débeda é superior a 50.000 euros sen



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

que vostede movese un dedo. Aparentemente o que pasa aquí é que se fixo a obra pero non a contratación.

-Un asunto que tamén se ten falado en varias ocasións: hai uns cabalos pola parroquia de Louro que nestes últimos días ocasionaron un accidente, e do que xa levan queixándose os veciños bastante tempo, máis dun ano. ¿Non pensan tomar ningunha medida ao respecto?

-Outro tema reiterado en tódolos plenos, o mantemento do campo de fútbol e do pavillón de Miraflores: inundacións nos baños e na cantina, desperfectos, falta de material, redes rotas, como en tódolos pavillóns e campos do concello, por outra parte. A falta de mantemento das instalacións está tendo un custe moi caro para os usuarios, e lle pedimos que atendan as súas petición.

-¿Que pasou este ano coa convocatoria de subvencións para asociacións? ¿Vaise facer? ou se fixo e ninguén se enterou. ¿Pagaron os convenios cos grupos de música e baile tradicional do ano pasado? ¿Asinaron convenio para este ano? Non van deixar unha cousa en pé, estanse cargando as poucas actividades municipais que existían, desapareceron actividades da oferta da piscina, que nalgún caso, están ofertando asociacións, retrasase o inicio de outras, como a escola de música, ou as clases de bordado e encaixe, que empezaron rematando o mes de outubro, no mellor dos casos.

-Alegrámonos de que recoñeceran o erro que cometeron o ano pasado nas bolsas de deportistas, erro do que lle advertimos en varias ocasións, e abonen a bolsa aos quen lle correspondeu.

-En canto ao plan de dinamización do casco histórico de Muros, despois de dúas reunións cos comerciantes e empresarios do casco, non temos noticia de que se adoptara ningunha decisión sobre os temas falados nin sobre as propostas que se presentaron. Sabemos, eso sí, que non teñen intención de deixar que o edificio de Sel, pechado, o utilicen as asociacións, nin Ximiela para presentar o seu novo espectáculo, nin o Castelo para o concurso de bandas. Disimulan un pouco e abren un par de veces ao mes para excursións de estudantes, e o resto do tempo pechado, ou que o usen os de fóra do concello.

-O próximo 20 de decembro remata o prazo para presentar as propostas ao POS+2019. Rogamóslle que convoque canto antes unha xunta de portavoces



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

para a próxima semana para tratar de acordar as obras que se van propoñer a dito plan. Aínda que sexa por última vez, trate de non facer un esperpento novamente con este tema, e busque o acordo da corporación.

-No próximo mes de novembro celébrase o día mundial da infancia e o día internacional contra a violencia de xénero, así se convoca esa Xunta de portavoces que lle pedimos para as obras do POS poderíase tratar tamén, contando con toda a corporación, de facer unha celebración digna destes eventos.

Resposta a Sra. Alcaldesa

A posta a punto de cemiterios creo que está remata pero a previsión da brigada era rematala onte ou hoxe, sen non está debe quedar pouca cousa.

As obras da Atalaia comezan tan pronto a Dirección da obra e a empresa faga a cata de comprobación de replanteo.

Sobre a ampliación do prazo do POS é ata xuño de 2019.

Teño que mirar a factura da que me fala e llo contesto no próximo pleno.

Os cabalos de Louro van ser recollidos coa colaboración dunha asociación co concello e hai persoas que se farán cargo dos gastos que se poidan xenerar, co que está casi resolto.

Con respecto ao campo de fútbol e pavillón de Miraflores o xefe da brigada obras lle comicou que foron a facer varias actuacións de mantemento no campo de fútbol e dí que non sabe se queda algo pendente.

As convocatorias de subvencións e convenios están en intervención, así como as actividades extraescolares.

Con respecto á bolsa de deportistas, non é que recoñezamos un erro, está solucionado e é porque houbo un cambio en intervención, o actual buscoulle solución para que se pagase.

No tocante aos comerciantes estase traballando



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

No que respecta a Sel estivo aberto todo o verán, non é certo que estea pechado ás asociacións, utilízano varias asociacións e tamén se cede a algunha de fora se se considera así o GALP.

Intervén a Sra. González Cerviño

Que pasa coa negociación con Espina & Defin, se ten contrato non o ten, non sabemos nada, pedimos documentación e sempre di diante da cámara que non ten ningún problema pero é que non nos deu nada.

Cal é a multitude de problemas que ten cos traballadores do concello, porque esta semana me parece que lle presentaron catro demandas mási, e di no facebook que está moi preocupada e que se molla moito cos traballadores pero a realidade e que hoxe se suspendeu a reunión e queremos saber o motivo.

Rogo que as partidas que deixou o PSOE dende fai catro anos que se executen as partidas, que non sobra nin un euro, que o que pasa e que son uns vagos.

Con respecto a Sel, rogamos non minta, aquí veu unha proposta do grupo Ximiela para presentar o seu festival e tiveron que presentalo na Estrada, porque a vostede Sra. Alcaldesa non lle deu a gana de facilitarlle o local, que viñeron o día seguinte e díxolle que tiña alí as brincas e non sei que mais e que non podía mover nada de alí cando os encargados do centro, todos e cada un deles mostraron a súa vontade de apartar as cousas, empezando polo presidente.

Rogámoslle que non volva a mentir con respecto aos seus soldos porque a primeira vez na historia que o orzamento de Muros cuantificou con soldos a cada un foi neste orzamento, no anterior non estaba cuantificado. Pedimos o informe de intervención sobre este aspecto e ímolo pedir, que se nos faga un informe técnico de se están a cobrar ben.

Tiña o informe de Portos para facer as festas de San Pedro e a día de hoxe non o ensinou, porque é mentira.

Porqué non se fixo a acta da sesión anterior, parece ser porque secretaría non tiña tempo, y non sabemos se é verdade ou é mentira pero queremos que no lo diga, que nos comunican que o sr. Secretario e a Sra. Alcaldesa andan de gestapo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

polos bares, cando está a xente tomando os viños pedíndolle a documentación aos bares e ameazándoos, parécenos moi forte o concello de Muros chegue a ese extremo, si é verdade se vostedes os dous foron en plan gestapo a requerirle a un veciño documentación cando tiña o seu local e a súa terraza chea de xente e ademais non sei quen legitima a vostedes para requerir e amenazar a ninguén dentro da súa casa, tanto o secretario como a sra. Alcaldesa, eu supoño que non sei de quen sería a idea, pero supoño que do secretario non, espero que salira de vostede, pero se é verdade que eso pasou en Muros que a nós déronos a queixa e foi así, esperemos que non se volva a repetir, que á xente hai que deixala traballar e que non se pode chegar a amenazar á xente á súa casa, si é verdade, que eso foi o que nos contaron e dende logo si simplemente foron a buscar os papeles hai 50 medios para requerirle a un veciño de Muros que traia a documentación e non presentarse ás 12 da mañá ou a unha da tarde cando está o local así a decirlle, “los papeles”, paréceme denigrante.

Por último que pasa co camiño do Cebolais en Abelleira, ese camiño forma parte da ruta da estrela, é un camiño de peregrinación a Santiago e ten unha anchura aproximada dun 1,5 m, está sen rozar, está reducido y está sin arreglar e un furado, queremos saber se se vai a tomar algunha medida con este camiño.

Responde a Sra. Alcaldesa

Dí a Alcaldesa que é unha pena que a Sra González Cerviño non se dique a escribir

Dilixencia: Para facer constar que a Sra. Alcaldesa advirde a Sra. González Cerviño por segunda vez por interrompela.

Di non foi a ningún bar a pedirle documentación a ninguén, nin a amenazar, eso é mais propio doutras persoas

Dilixencia: Para facer constar que a Sra. Alcaldesa advirte á Sra. González Cerviño por terceira vez e orde a que abandone o salón de plenos (O resto dos membros do grupo municipal socialista abandonan o salón de plenos).

Volve a repetir que non foi a ningún bar, e por descontado que non amenazou a ninguén e que considerará adoptar medidas legais pola gravidade da acusación. Dí se o secretario quere dicir algo.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén o secretario quen preguntou en dous locais que foron denunciados se dispoñían da licenza de apertura xa que é un requisito para poder obter unha licenza de terraza e que non consta que a aportasen cando solicitaron a licenza de terraza, que necesitaba coñecer a existencia deste documento xa que se lle encargara a emisión dun informe e que en urbanismo non o atopaban, que preguntou pola licenza e lla buscaron e lla ensinaron de boa gana e que se dirixiu cordialmente á persoa que lle atendeu e que lle contestou cortesmente. Con respecto á acta di que non lle deu tempo a pasar a acta, que a persoa que lle axuda principalmente en secretaría, está desempeñando a tesouraría de xeito accidental e que non pode pedirlle axuda xa que bastante ten que facer.

Con respecto aos soldos di que se fixo coma sempre e se houbo algún problema na nómina habería un reparo.

Sobre Espina & Delfin di que agora está a presidencia en Carnota e están eles para regularizar esta situación.

En relación cos traballadores do concello, o único que está pasando e que moitos están solicitando o recoñecemento como persoal laboral indefinido e que a única maneira que se pode facer é a través dunha sentenza xudicial e grazas a iso se está a regularizar a situación de persoal quen ven prestando servizos dende o ano 2010 e antes.

Con respecto a que se executen as partidas que deixou o PSOE, hai partidas que non se executan coma a de 77.000,00 € euros para asesores que non se vai a executar e leva sen executarse ano tras ano.

Camiño de Cebolais, se está mal mandaremos á brigada para que vai a limpalo, incluso pode ir o GES.

Intervén o Sr. García Fernández

Quedan so seis meses de lexislatura, e hai algúns temas, que, de resolverse neste tempo, poderemos dicir que estes 4 anos non foron unha perda absoluta de tempo para o Concello.

Queremos saber en que estado se atopa a RPT, pasan os meses, e a única resposta que obtivemos é que se está traballando, seguen a aparecer documentos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

fragmentados de supostos borradores, propostas de seccións nas que se obvian postos de traballo actualmente ocupados e quedan só seis meses señora Alcaldesa.

Queremos saber en que estado se atopa a licitación das obras do POS, sobre todo, do Cine París.

Queremos saber se nestes seis meses que quedan o concello vai denunciar ás obras ilegais da Illa da Creba. Preguntamos sempre e en todos os plenos, a resposta sempre foi que non saibades nada e que algo fariades, mais nada fixeches ata hoxe.

¿Cando se van colocar as luces LED no Xosé Luis Vara, pendentos desde febreiro? Dará temo nestes seis meses que quedan a colocalas?

¿Tiráchedes a toalla para dar solución ao repetidor de TV de Abelleira e Torea?
¿Quedarán listo antes de que remate esta lexislatura?

¿Fichededes algunha xestión coas empresas de instalación da fibra óptica para que engadan a Torea e Abelleira? Tedes seis meses para convencer a Telefónica ou a R. Sería unha boa cousa.

E por último, ¿dará tempo nestes últimos seis meses a preparar os pregos para que o emblemático bar de San Francisco poda estar aberto o vindeiro verán?

Son oito actuacións señora alcaldesa, para intentar salvar esta lexislatura.
¿Poderán cumprir con estas históricas reivindicacións?

Responde a Sra. Alcaldesa

Dí que procurarán facer o máximo posible destas actuacións, aínda que non se fixeran este non sería un mandato perdido a pesar das circunstancias. Procuraremos facelas aínda a de Abilleira é moi difícil.

A RPT di que seguen con reunións, para hoxe estaba prevista unha reunión porque foi á deputación e os da empresa non lle deron pasado os documentos, que se pasou a proposta de funcións para que a modificaran. É complexo porque queremos que leve o visto bo dos representantes dos traballadores, cando estea pasarémola a vos.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

As obras do POS están pendentes de contratación, está a do Esteiro de infraestruturas hidráulicas con proposta de adxudicación e está a secretaría pendente de preparar os pregos das obras e que se poidan licitar pola plataforma do estado. Di o secretario que están traballando nos pregos e esperando a obter o visto bo da Plataforma de Contratación do Estado, que namentres se están a licitar pola da Comunidade Autónoma Estado. Que o problema está na operatividade da plataforma.

Con respecto ás empresa de fibra óptica aproveitamos toda a ocasión que temos con elas para que collan estas zonas, pero a Xunta non pode impoñerlles estas actuacións o concello pouco pode facer.

Os pregos do bar San Francisco están en secretaría.

As luces no Xosé Luis Vara (contesta o Sr. Quintela que a previsión é a principios de ano.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O Secretario Xeral.

Documento asinado electrónicamente